


## ¿QUÉ TAL TU SEMANA?



BO DÍA!!!

Que tal foi a semana? Espero que moi ben. Xa estamos a venres e desexando a fin de semana porque, queirades ou non, necesitamos desconectar un pouco do traballo diario. Exactamente igual que cando iamos á escola.

Ben, dicirvos primeiramente que estou moi contenta cos vosos resultados do kahoot. A gran maioría fixestes o kahoot de Sociais. Os que non puideron, pois outra vez será pero recordade que me serven para saber se ides traballando ou non 😊

Hoxe empezaremos co último apartado destas ciencias sociais. Imos comezar cunha nova unidade que sei que vai gustar moito pois algúns de vós xa preguntastes ao longo dos anteriores trimestres. Intentarei que sexa o máis fácil posible a través de kahoots, vídeos explicativo e algún exercicio que outro. Imos aló!

A nova unidade chámase ASÍ É A NOSA HISTORIA

Xa sabedes: folla nova do voso caderno (se o tedes) e máis ou menos no medio escribides o título en letras grandotas con cores e debaixo unidade didáctica. Un exemplo sería este

ASÍ É A NOSA HISTORIA

Unidade didáctica

Logo de ter a portada, toca ver vídeo:

[https://youtu.be/ ZaaCcoYouU](https://youtu.be/ZaaCcoYouU)

Quedou claro o vídeo? Pois agora tes que pasar a páxina da portada e na nova folla escribir este pequeno resumo para que quede claro, ok? Así remata a clase de hoxe 😊😊😊

### COMO SE ORGANIZA O TEMPO?

As persoas necesitamos saber cando suceden as cousas, as nosas actividades. Por iso utilizamos esta división do tempo.

#### PASADO

Feitos que xa  
ocorreron

#### PRESENTE

Relacionado co que está  
sucedendo neste

#### FUTURO

Feitos que ocorrerán  
máis adiante

### COMO SE MIDE O TEMPO?

As persoas necesitamos organizar as actividades diarias e por iso, utilizamos instrumentos que miden o tempo. Os máis comúns son:

- Reloxo (horas, minutos e segundos)
- Calendario (días, semanas, meses e anos)

Outras medidas de tempo son:

Ano – 365 días

Bienio – 2 anos

Trienio – 3 anos

Lustro – 5 anos

Década – 10 anos

Século – 100 anos

Milenio – 1000 anos

